



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/06/2018 10:48  
Nº Rexistro: 32889  
Data envío: 28/06/2018 10:48:13.407

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea, con número de rexistro **31661**, que será debatida na Comisión 3ª, o vindeiro 29 de xuño de 2018.

### Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva por:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a elaborar un Plan de Emprego centrado nas mulleres e na xente moza, que permita superar as desigualdades de xénero e idade, consensuado coas organizacións sindicais e sociais, conte cunha consignación económica específica nos Orzamentos da Xunta de Galiza."

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/06/2018 10:48**  
**Nº Rexistro: 32889**  
Data envío: 28/06/2018 10:48:13.407

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/06/2018 10:47:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2018 10:47:50**

## **A Mesa do Parlamento**

**O Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia 10/PNC-001846 (23035)**, sobre presentación polo Goberno galego, para o seu debate no Parlamento de Galicia durante o primeiro semestre de 2018, da posición da Xunta de Galicia nos eidos sinalados como prioritarios no documento titulado “Análise do impacto do “Brexit” en Galicia”.

## **Emenda de modificación**

O Parlamento de Galicia insta ó Goberno galego, a presentar para o seu debate na Cámara, antes do fin de 2018, o posicionamento da Xunta de Galicia nos eidos identificados como prioritarios no seu documento de Análise do impacto do Brexit en Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/06/2018 16:57:47**

## Á Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Álvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da eliminación do imposto especial da electricidade e a rebaixa do IVE para abaratar a factura da enerxía eléctrica (10/PNC-000372, doc. núm. 4010).

### Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a demandar do Goberno de España o establecemento dun novo marco normativo para o sector eléctrico, incluído o fiscal, que permita impulsar as enerxías renovables e garantir un aprovisionamento estable a un prezo razoable para a persoa consumidora.”

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/06/2018 17:12:13**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/06/2018 17:13**  
**Nº Rexistro: 32929**  
Data envío: 28/06/2018 17:13:26.970



---

**Grupo Parlamentario**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2018 17:12:20**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## Á Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Álvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento de beneficios fiscais para as persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos, no concello de Tui (10/PNC-002655, doc. núm. 32480).

### Emenda de adición

Débase engadir a parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

“Igualmente o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer as seguintes medidas ao respecto da explosión de Tui:

- Establecer para as persoas afectadas unha dedución da cota íntegra autonómica do 100 % das cantidades investidas coa finalidade de paliar os danos sufridos, excluindo as posibles cantidades percibidas por axudas ou por coberturas de seguros.
- Acelerar as correspondentes convocatorias de axudas aínda pendentes, en consonancia co recollido no Decreto 55/2018, do 31 de maio (reparación de danos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís, en explotacións agrarias e para persoas en situación de orfandade).
- Establecer unha liña singular de financiamento a favor do concello de Tui para poder compensarlle dos gastos derivados das diversas actuacións realizadas pola catástrofe acontecida.
- Favorecer, en coordinación co Concello de Tui, a dilixente tramitación da figura que permita unha ordenación urbanística axeitada.

 Grupo Parlamentario

- Que de xeito periódico, canto menos trimestralmente, realice e remita ao Parlamento de Galicia un informe ao respecto da situación do estado das axudas e actuacións levadas a cabo.”

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/06/2018 17:12:52**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2018 17:12:58**

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e á iniciativa da deputada Sandra Vázquez Domínguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea 10/PNC-002507 (31098)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co cumprimento dos principios e actuacións da economía social polas cooperativas de traballo asociado.

## **Emenda de modificación**

O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que se dirixa á Inspección de Traballo para poñer en marcha actuacións específicas de cara á inspección das condicións laborais nas cooperativas e empresas de economía social no Plan de Actividades de 2019.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

## **Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/06/2018 17:26:19**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 28/06/2018 17:26:51**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, con número de rexistro **32480**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento de beneficios fiscais para as persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos, no concello de Tui, que será debatida na Comisión 3ª convocada para o vindeiro 29 de xuño de 2018.

### Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a demandar do Goberno español a declaración de zona gravemente afectada por unha emerxencia de protección civil regulada na Lei 17/2015, a zona de Paramos.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a modificar a Orde do 5 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional e de reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, derivados da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, con carácter plurianual nas seguintes cuestións:

a.- As axudas destinadas a reparar os danos ocasionados nas vivendas e no seu enxoval domésticos, de xeito que as contías das subvencións para o caso de que os danos



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/06/2018 18:24**  
**Nº Rexistro: 32941**  
Data envío: 28/06/2018 18:24:10.282

ocasionados determinasen a ruína da vivenda, a axuda concederáse polo importe do 100% do valor de reposición da vivenda, sexa habitual ou non, ao igual que o 100% do custe do importe no caso de rehabilitación ou reparación do inmovible danado.

b.- No caso do enxoval incluído nas vivendas ruinosas que constitúan residencia permanente habitual ou non das persoas moradoras será de 16.373 ou o 100% do valor demostrado se é maior.

c.- Incluír axudas para a reposición de vehículos polo 100% do valor demostrado

d.- Incluír axudas para a reposición de empresas polo 100% do valor demostrado.”

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/06/2018 18:22:05**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/06/2018 18:24**  
**Nº Rexistro: 32941**  
Data envío: 28/06/2018 18:24:10.282

**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2018 18:22:09**